



## **RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN DE INICIO DO PROCESO DE SELECCIÓN DE 20 PERSOAS ADXUDICATARIAS PARA AS VIVENDAS DA PROMOCIÓN PÚBLICA DO EXPEDIENTE PO2023/010 DE SAN ELEUTERIO, NO CONCELLO DE MOS (PONTEVEDRA)**

A Comisión Provincial de Vivenda de Pontevedra, en sesión celebrada o 21 de novembro de 2025, acordou iniciar o proceso de selección de persoas adxudicatarias para 20 vivendas de promoción pública situadas no Polígono 52, Parcela 702 do barrio de San Eleuterio – Tameiga no concello de Mos (Pontevedra).

Segundo o disposto no criterio sexto da mencionada resolución de inicio e, de conformidade co establecido no Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas, o procedemento de adxudicación será o de SORTEO entre as persoas inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia para o concello de Pontevedra ata a data da citada resolución (21/11/2025).

O criterio décimo segundo da mencionada resolución establecía que o sorteo sería público, e se celebraría ante notario, ás 10:30 horas do día 9 de xaneiro de 2026 no salón de actos do edificio administrativo da Xunta de Galicia, na rúa Maria Victoria Moreno, 43 en Pontevedra.

Non obstante, por circunstancias técnicas sobrevidas, a Comisión Provincial de Vivenda de Pontevedra en sesión celebrada o 5 de decembro de 2025,



## ACORDA:

PRIMEIRO: Modificar o criterio décimo segundo da mencionada resolución respecto do lugar de celebración do sorteo, que se levará a cabo ante notario, ás 10:30 horas do día 9 de xaneiro de 2026 **no salón de actos do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Vigo, situado na rúa Concepción Areal, 8.**

SEGUNDO: De conformidade co disposto no apartado noveno da resolución de inicio, e de acordo cos artigos 22.1 e 24.3 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, a presente resolución publicarase no Diario Oficial de Galicia, nos taboleiros de anuncios do Concello de Mos, no da Área Provincial do IGVS e na páxina web do organismo.

Esta publicidade substituirá ás notificacións persoais, de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Pontevedra, 5 de decembro de 2025

O presidente da Comisión Provincial de Vivenda

José Manuel González González

(Documento con sinatura electrónica)

